



Concello de Vigo
Xerencia de Urbanismo

Praza do Rei, s/n
36202, Vigo
Tel.: 986 810 100 – Ext. 1508
Fax: 986 224 780

EXP.: 1806/433

ASUNTO: mesa de contratación para o análise das ofertas presentadas no mes de decembro de 2014 no procedemento para o alleamento por poxa pública en sobre pechado das vivendas municipais da rúa Rep. Argentina, 12-14

DECRETO

CAMBIO DA DATA PROGRAMADA PARA A MESA DE CONTRATACIÓN A CELEBRAR NO MES DE XANEIRO 2015 (exame ofertas decembro 2014)

A Mesa de Contratación do procedemento para o alleamento por poxa pública á alza en sobre pechado das vivendas municipais da rúa República Argentina, 12-14, está convocada de forma xenérica para as 11:00 horas do primeiro venres de cada mes, para o análise das ofertas presentadas no mes inmediatamente anterior (Cláusula 10.1, parágrafo 1º, do prego de condicións económico-administrativas) .

Consonte o previsto no prego, a persoa que exerza a presidencia da Mesa de Contratación está facultada para modificar a data prevista para a celebración das sesións da Mesa de Contratación, cando non resulte posible a celebración na data programada por razóns de servizo.

Ante as festividades propias destas datas, e ao coincidir o primeiro venres do mes de xaneiro de 2015 no segundo día do mes (día 2), e sendo festivos os dous días inmediatamente anteriores (día 31 de decembro de 2014 -Fin de Ano-, e 1 de xaneiro de 2015 -Aninovo-), non resulta posible emitir a certificación das ofertas presentadas no mes de decembro coa anticipación suficiente que permita que a convocatoria da Mesa de Contratación se publique coa antelación mínima dun día ao da súa celebración, esixida no prego.

En consecuencia, déixase sen efecto por razóns de servizo a convocatoria programada da Mesa de Contratación prevista para as 11:00 horas do primeiro venres do mes de xaneiro de 2015 (02.01.2015), quedando trasladada xenericamente para o segundo venres do citado mes (09.01.2015), á mesma hora, previa convocatoria particular nos termos previstos no prego.

Insírase o presente Decreto no Perfil do Contratante, para público coñecemento, e déase traslado do mesmo aos membros da Mesa de Contratación.

MGC

Vigo, 15 de decembro de 2014

A PRESIDENTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

M.^a Carmen Silva Rego

